

A REPRESENTACIÓN EN BUENOS AIRES DUN FRAGMENTO D'O MARISCAL DE CABANILLAS E VILAR PONTE NO MARCO DUN FESTIVAL DE APOIO AOS SUBLEVADOS FRANQUISTAS

CARLOS-CAETANO BISCAINHO-FERNANDES¹
Universidade da Coruña

RESUMO: Neste artigo dáse a coñecer a utilización por parte dos denominados Cruzados de Santiago do texto dramático dos nacionalistas galegos Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte nun acto de exaltación dos golpistas franquistas, celebrado en Buenos Aires en 1937, en que se apoiaba economicamente a Junta de Burgos. Para alén de pór en contexto este tipo de festivais en que tiña cabida o teatro galego, identifícanse os seus protagonistas —quer o colectivo promotor, quer os dramaturgos e intérpretes que protagonizaron eses eventos—, estúdanse os procesos de esvaciado da reivindicación galeguista presente nos títulos dramáticos empregados polos franquistas galaicos da capital arxentina e, para concluír, pesquiáanse as prevencións tomadas polos escritores galegos —con Antón Vilar Ponte á cabeza— para que non se desen este tipo de usos espurios das súas creacións literarias, ben como a imposibilidade de actuaren neste sentido a partir do golpe de estado e a declaración da guerra civil española. PALABRAS-CHAVE: teatro galego; franquismo; Cruzados de Santiago; emigración galega a Buenos Aires; Asociación de Escritores de Galicia.

LA REPRESENTACIÓ A BUENOS AIRES D'UN FRAGMENT D'O *MARISCAL*, DE CABANILLAS I VILAR PONTE, EN UN FESTIVAL A FAVOR DELS SOLLEVATS FRANQUISTES
RESUM: En aquest article es dona a conèixer la utilització per part dels denominats Cruzados de Santiago del text dramàtic dels nacionalistes gallecs Ramón Cabanillas i Antón Vilar Ponte en un acte d'exaltació dels colpistes franquistes, celebrat a Buenos Aires l'any 1937, en què es donava suport econòmic a la Junta de Burgos. A més de posar en context aquest tipus de festivals en què s'inclouïa el teatre gallec, se n'identifiquen els protagonistes —tant el collectiu promotor com els dramaturgs i intèrprets que van protagonitzar aquests actes—, s'estudien els processos de buidatge de la reivindicació galleguista present en els títols dramàtics utilitzats pels franquistes galaics de la capital argentina i, per concloure, s'indaguen les prevencions que van prendre els escriptors gallecs —amb Antón Vilar Ponte al capdavant— per tal que no es produís aquest tipus d'utilització espúria de les seves creacions literàries, així com la impossibilitat d'actuar en aquest sentit a partir del cop d'estat i durant la Guerra Civil Espanyola. PARAULES CLAU: teatre gallec; franquisme; Cruzados de Santiago; emigració gallega a Buenos Aires; Associació d'Escriptors de Galícia.

¹ Membro do Grupo de Investigación Lingüística e Literaria (ILLA), inscrito no catálogo da Universidade da Coruña co código G000497.

THE STAGING IN BUENOS AIRES OF AN EXCERPT FROM *O MARISCAL*

BY CABANILLAS AND VILAR PONTE IN A FESTIVAL IN SUPPORT OF FRANCO'S REBELS

ABSTRACT: This paper describes the use by the so-called Crusaders of Santiago of *O Mariscal* —the dramatic text by the Galician nationalists Ramón Cabanillas and Antón Vilar Ponte— in an act of exaltation of Franco's coup plotters that took place in Buenos Aires in 1937 in order to give economic support to the Junta de Burgos. In addition to putting into context this type of festival in which Galician theatre had a place, the protagonists —both the promoting collective and the playwrights and performers who took part in these events— are identified. This work also studies the process of nullifying the Galician vindication present in the dramatic titles used by the Galician Francoists in the Argentinean capital. Finally, the precautions taken by Galician writers to avoid this type of spurious use of their literary creation —as well as their impossibility of achieving this during the Spanish Civil War— are noted.

KEYWORDS: Galician theatre; Francoism; Crusaders of Santiago, Galician emigration to Buenos Aires; Galician Writers' Association.

1. INTRODUCCIÓN

O día 23 de xullo de 1937 celebrábase no Teatro Avenida de Buenos Aires unha función teatral a beneficio da causa franquista. A constatación do fin último do evento —o auxilio aos orfos do bando sublevado— vén da man do redactor que asinaba a crónica nas páxinas do xornal bonaerense *Fe Gallega*:

El éxito de nuestra función benéfica realizada el 23 de Julio último en el Teatro Avenida, se resume en la siguiente frase pronunciada allí por labios autorizados y abonada por el comentario popular: «Ha sido la mejor fiesta que hasta ahora se haya dado aquí en beneficio de la causa».

Por un error involuntario y exclusivo de quien esto escribe, dicho acto apareció anunciado en las páginas de *Fe Gallega* a beneficio de los huérfanos de la guerra en España, siendo así que él se proyectó y se llevó a cabo, como decían nuestros programas oficiales y las invitaciones impresas, a beneficio de las víctimas de la guerra española en general, dentro del campo nacionalista, y a las cuales se destinaba nuestra contribución, avalorada por el concurso que en esta fiesta nos prestaron las damas del Ropero de Santiago, que preside la respetable señora María Pía de Borbón Padilla.²

² María Isabel Pía Padilla de Borbón, infanta de España e Portugal, presidía a Agrupación Monárquica Española, fundada en Buenos Aires en 1936 e partidaria dos fascistas des-

Por lo demás, estos Cruzados gallegos no desconocen ni dejan de ver con noble admiración y simpatía que por delegación expresa del Jefe del Estado Español, la misión exclusiva de allegar aquí fondos en beneficio de los huérfanos de esta guerra, corresponde a la entidad «Legionarios de Franco», que con abnegación y heroísmo incansable ha creado y dirige la dignísima señora Soledad Alonso de Drysdale (FG 01-08-1937: 2).

O evento estivo organizado pola Acción Gallega de Cruzados de Santiago e incluíu a representación do poema lírico en lingua galega «A Romaría dos Milagros», de J. Iglesias, e unha «estupenda recreación de la estampa lírica O Mariscal» (AG 01-08-1937: 2). Tamén contou coa «actuación magistral y desinteresada de las grandes figuras del teatro español» (FG 01-08-1937) Lola Membrives e María Guerrero, intérpretes e difusoras do teatro lorquiano en Arxentina e Uruguai que, non obstante, non mantiveron unha posición en favor do goberno lexítimo español (Binss 2012: 75).

Segundo se recolle na mesma crónica, algunhas das persoas que inicialmente ían actuar desistiron da súa participación cando se fixeran explícitos os fins profranquistas do mesmo:

Pareja a tan dignos esfuerzos se mostró la actividad maquiavélica de la comparsa izquierdista por malograrlos y ponernos obstáculos en el camino. Fué así como pocas horas antes de la fiesta, con pretextos fútiles e insinceros a ojos vistas, negaron su colaboración (prometida gratuitamente de antemano) el maestro Penella y su compañía, los coros que con la misma venían actuando en *Maruxa* y el barítono Abad (FG 01-08-1937: 2).

No entanto, os organizadores conseguiron contratar substitutos, de maneira que «la maniobra izquierdista quedó así anulada y ello no sin consecuencias para sus dóciles servidores» (FG 01-08-1937: 2). O acto atinxiu o seu obxectivo:

Por último, es justo consignar aquí un voto de aplauso y gratitud para los bravos muchachos falangistas y requetés que esa noche, en fraterna colaboración con nuestros legionarios, han prestado inestimables servicios auxiliares de ordenación y vigilancia dentro de la sala.

de o primeiro momento (Quijada 1991: 99). A orde dos seus apelidos era alterada para colocar en primer lugar a ascendencia real.

Hecho por tesorería y debidamente controlado por los organismos pertinentes el balance de la fiesta, se hizo entrega de su producto líquido al representante del Gobierno Nacionalista de Franco, don Juan Pablo Lojendio (FG 01-08-1937: 2).

Xa no primeiro día dese mes se celebrara no Teatro Ateneo «y a beneficio de la España franquista» (FG 01-07-1937: 1) unha grande función en que se puxera en escena *La Santa Hermandad* pola compañía Guerrero-Díaz de Mendoza, coa presenza entre o público do dramaturgo —Eduardo Marquina, recentemente nomeado secretario rexional de Falange (Binns 2012: 82)—, nun programa que se completaba con «varios números atrayentes de carácter gallego por la Sección Artística de nuestros cruzados bajo la dirección del insuperable actor Rafael Fontenla y del maestro Bayarri» (FG 01-07-1937: 1).

2. OS CRUZADOS DE SANTIAGO E *FE GALLEGA*

Embora a opinión pública arxentina fose maioritariamente pro-republicana, o seu goberno refreou a actividade das organizacións en favor das autoridades lexítimas españolas e os presidentes á fronte do país durante o período da guerra civil —o xeneral golpista Agustín Pedro Justo e o seu sucesor na chamada Década Infame, Roberto Marcelino Ortiz— expresaron a súa simpatía polos sublevados fascistas (Rein 1995: 32).

Por súa vez, a maioría da clase media traballadora inmigrante galega era pro-republicana (Rein 1995: 39), se ben a política relixiosa do goberno de Azaña provocou protestas entre os sectores máis tradicionais (Binns 2012: 47-48). Porén, a división ideolóxica que se produciu no Estado español atinxiu tamén a colectividade expatriada (Fernández García 1990: 121) e no marco do amplo movemento asociativo galego da capital arxentina tamén se deron iniciativas de apoio manifesto aos sublevados fascistas (Cristóforis 2019; Velasco 2018). No xeral, producíronse no seo de agrupacións elitistas cunha nómina de asociados acurtada, aínda que con grande relevancia económica e social (Quijada 1991: 100).

É o caso da Acción Gallega de Cruzados de Santiago —desde xullo de 1938, Cruzados Gallegos de Santiago Apóstol—, un colectivo profranquista fundado moi poucos días após o golpe de estado —en concreto, o 25 de xullo de 1936, festividade central do pobo galego— por iniciativa de dous grandes

defensores das ideas franquistas: a filántropa Soledad Alonso de Drysdale³ e Rafael Benjumea Burín,⁴ conde de Guadalhorce, que fora ministro de Fomento durante a ditadura de Primo de Rivera e participara en 1932 no intento de golpe de Estado do xeneral Sanjurjo.

O novo colectivo asentábase nunha estrutura anterior visibelmente contraria á República como era o Centro Acción Española, que se mostraría moi activo nas colectas en favor da Junta de Defensa Nacional de Burgos —en agosto de 1936 organizaría unha de ouro, por exemplo— e logo axiña fundaría Juntas Nacionalistas Españolas en diferentes cidades arxentinas (Quijada 1991: 184).

A agrupación estaba integrada por máis de catrocentos socios e na súa directiva situouse unha elite adñeirada. Na acta fundacional dos Cruzados de Santiago —constituídos canonicamente dentro do Arcebispo de La Plata, abertamente posicionado a favor da «cruzada salvadora» de Franco, con quen mantiñan contacto estreito— estableceuse unha Xunta Organizadora e unha Xunta de Damas, que tras a aprobación dos Estatutos da agrupación en sesión de 18 de setembro, ficaron integradas da seguinte maneira:

Sección Hombres.— Presidente, Darío Hermida; vice, Adelmo Feijó; secretario, Rogelio Rodríguez Díaz; prosecretario, Manuel Paz Romay; tesorero, Francisco Costoya; protesorero, Fernando Costa; vocales: José Cuñarro, Pedro Díaz y Argimiro Castro; suplentes: Valentín García, Ángel Cobas y Camilo Trigás.

Sección Mujeres.— Presidenta, Sara Peña de Santoro; vice, María González de López; secretaria, Clotilde Morono; prosecretaria, Amparo González; tesorera, Rosalía Barral; protesorera, Leontina Hermida de Bilos; vocales: María Taboada de Mosquera, Urbana Monasterio de Guerra y María Vázquez.

Director Espiritual. Rdo, P. Emilio Eyré Lamas (FG 01-09-1937: 2).

³ Almeriense vinculada por matrimonio coa oligarquía gandeira arxentina, fora actriz de teatro na súa mocidade (Quijada 1991: 187). En 1938 recibiría das autoridades de Burgos a Gran Cruz de Isabel a Católica.

⁴ En 1936 o Conde de Guadalhorce presidía a Compañía Hispano-Argentina de Obras Públicas y Fomento (CHADOPYF), «única empresa en Argentina de capital español a la que se debía la construcción de los ferrocarriles subterráneos de Buenos Aires» (Quijada 1991: 100) e era membro da Agrupación Monárquica Española de Buenos Aires, presidida por María Pía de Borbón.

No mes de novembro iniciábase a publicación de *Fe Gallega. Órgano de la Acción Gallega de Cruzados de Santiago*. Mantida por padriños que achegaban unha cota mensual, o boletín gratuíto declaraba desde o primeiro número o seu ideario católico:

Vamos de frente a la práctica de la beneficencia y la cultura en cristiano, obra que hasta ahora los gallegos han realizado aquí sólo en ateo. Aspiramos a la recristianización total de nuestra colectividad. Tenemos por paladín a un Apóstol de avanzada en el campo mesiánico de Cristo; al glorioso Hijo del Trueno, uno de los tres discípulos predilectos de Jesús; uno de los dos más jóvenes entre los doce elegidos y que, habiendo sido el primero que se adelantó a plantar la cruz en el fin del mundo llamado entonces Finisterre, fué también el primero en ofrendar su sangre por la buena nueva del Evangelio [...] (FG 01-11-1936: 1).

Xunto con *Correo de Galicia*, o boletín constituíuse no principal cabezallo de apoio ao franquismo da prensa galega de Buenos Aires (Cristóforis 2019). A súa actitude anticomunista e a favor dos golpistas ten unha das súas orixes na súa forte vocación cristianizadora (Cristóforis 2018: 73), como proclaman no número inaugural da súa publicación periódica:

He aquí la encrucijada, los dos rumbos antagónicos a que ineludiblemente se halla abocado hoy todo hombre en el orden político... mejor dicho, en el orden religioso. Porque, al fin, la política ha venido a sedimentarse sobre un fondo netamente religioso. ¡Si o no!

Y la elección aparece condicionada de tal forma que, para que resulte si, tiene que serlo en la integridad de todos sus aspectos. Mientras que, para resultar no, basta con una sola salvedad, con una sola excepción que se pretenda oponerle (FG 01-11-1936: 1).

A querenza polos réximes ditatoriais expresábase sen ambigüidades, argumentando que o propio Xesús Cristo se mostrara totalitario na construción da súa Igrexa (FG 01-11-1936: 1). Os Cruzados consideraban que a República Española puxera en perigo a relixión católica e sentíanse corroborados pola doutrina papal en relación ao seu aliñamento cos sublevados. En concreto, apoiábanse na encíclica *Summi Pontificatus* (1939) de Pío XII (FG 01-11-1939: 3).

No seo do colectivo creáronse os Legionarios Civiles de Franco, grupo «compuesto por un núcleo de jóvenes de la institución en consideración, pre-

parados especialmente para difundir en la prensa y en la calle la 'obra de apostolado' de la misma» (Cristóforis 2019: 15). *Fe Gallega* explicaba como era o proceso de adestramento deste colectivo combatente e proselitista:

Constituida nuestra sección de jóvenes Legionarios de Santiago, se nombró jefe provisorio de los mismos a Argimiro Castro. En seguida se iniciaron para ellos las clases de religión y temas sociales, las que se vienen dictando todos los domingos por los señores Juan Blanco y Rogelio Rodríguez Díaz (FG 01-09-1937: 2).

No boletín dos Cruzados de Santiago asomaba con frecuencia a lingua galega, se ben o fixese sempre no marco diglósico presente entre a colectividade de migrantes: poesías —os Cruzados organizaron concursos de poesía en galego (Velasco 2018: 387)—, contos, ditos ou relatos breves podían perfectamente estar escritos no idioma da Galiza, mais as crónicas, a opinión e os artigos de fondo publicábanse normalmente en español. En moitas ocasións, era o propio director de *Fe Gallega*, o petinés Roxelio Rodríguez Díaz, quen asinaba os textos en galego.

O inimigo identificado desde *Fe Gallega* caracterizábase por atributos como o «comunismo xudaico» e a «anarquía» (Cristóforis 2019: 13), e nel se incluían os contrarios á sagrada unidade de España —«la patria chica debe vivir sempre dentro de la patria grande», proclamaban desde o xornal (Laje García 1939). Porén, na publicación non foi focada especialmente a ameaza do plurilingüismo ibérico sempre que respectase o teito de cristal das linguas diferentes do castelán —entendían que estaban a promover unha «campana galleguista y altamente humanitaria» (FG 01-01-1937: 2). Así sendo, a lingua galega comparecía na publicación cunha intención fundamentalmente emocional —no propio himno dos cruzados, por exemplo—, case sempre en relación coa orixe galega do propio Francisco Franco (FG 01-03-1938: 1). Pode servir de mostra este poema escrito por Rodríguez Díaz con motivo do aniversario do xeneral golpista e que foi recitado polo cruzado Rafael Fontenla na transmisión especial realizada con tal motivo por Radio Ultra:

Saudo d'hirmans
Os galegos que sinten na entraña
a sua fe d'españoles vibrar,
din con Franco, a unha voz: ¡Viva España!
dend'a veira lonxeva do mar.

Nobre fillo da terra galega,
 porque a patria salvar ora vés,
 un saúdo d'amor e fe cega
 queren darche os hirmáns qu'eiqui tés.
 ¡Que resoe nos novos outeiros
 a tua arenga cal santo deber!
 ¡Que os galegos son sempre os primeiros
 en lutar por España onde quer!

 Compre a todos seguir sin desmayo
 a bandeira do gran militar
 que a Europa, cal novo Pelayo,
 da barbarie ven oxo a salvar! (FG 01-12-1936: 2).

3. CONEXIÓNS CO CENTRO GALEGO DE BUENOS AIRES

Aínda que é certo que a Acción Gallega dos Cruzados de Santiago non mantiño vínculos directos coa principal entidade mutualista galega en Buenos Aires, iso non significa que non existisen algunhas conexións entre ambos os colectivos. Lembremos, neste sentido, que a importante colectividade de migrantes galegos que integraba o Centro Galego non mantiña unha posición uniforme en relación co conflito bélico español. Así sendo, a actitude da entidade non foi constante no curso da contenda e até a chegada á presidencia do republicano moderado José Neira Vidal —en outubro de 1938— o Centro Galego declarouse neutral para evitar arborizar a bandeira do goberno lexítimo español (Quijada 1991: 117). Con todo, nunca tomou posicións abertamente favorábeis aos sublevados.

Iso non impediu que algúns dos membros máis activos dos Cruzados procedesen do Centro Galego, como os seus ex-presidentes Antonio Bóo e José Villamarín —agora padriños do boletín dos Cruzados. Tamén Jesús Morgade —intérprete do prólogo d'*O Mariscal*—, que en setembro de 1925 causara alta como socio do Centro despois de ser presentado por Roxelio Rodríguez (CGBA 30-09-1925: 23).

O elo máis notorio destes transvases entre ambos os colectivos represéntao Roxelio Rodríguez Díaz, director tanto de *Fe Gallega* como de *Galicia* —a revista oficial do Centro Galego de Buenos Aires.

4. A SECCIÓN ARTÍSTICA

Durante o conflito bélico, Acción Gallega de Cruzados de Santiago compatibilizou sen grandes tensións a lexitimación da causa franquista coa súa reivindicación da cultura tradicional da Galiza —sempre que afastada de calquera teor nacionalista galego. Por iso, o labor cultural da agrupación atendeu ás manifestacións artísticas relacionados coas tradicións do país (Cristóforis 2018: 91), como fixeron tantos outros colectivos de inmigrantes galegos. O propósito recollíase na súa Carta Orgánica:

Art. 15.- En la obra cultural de esta entidad se comprende la Sección Pedagógica y la Sección Artística. En lo que atañe a la labor pedagógica, cuando las circunstancias lo permitan, se establecerán escuelas gratuitas, en las cuales, además de las materias de instrucción elemental y de doctrina cristiana, se dictarán lecciones de Geografía e Historia de Galicia, en forma que todos nuestros conterráneos puedan reivindicar dondequiera la honra de ser gallegos. La sección artística se hallará integrada por un conjunto escénico y una masa coral, en cuyo repertorio tendrán preferencia los motivos de arte gallego (FG 01-12-1936: 4).

Consecuentemente, os festivais que organizaban incluíron, para alén de poemas, cantos e bailes rexionais, a declamación de fragmentos de pezas teatrais en lingua galega.

Segundo se recollía no regulamento da entidade, foron creados un conxunto coral, que dirixía Jesús Morgade, e un cadro escénico, coordinado por Rafael Fontenla, ambos acompañados polo mestre José Bayarri.

O apelo a integrar o grupo de declamación publicado en *Fe Gallega* tivo unha importante resposta e o cadro desenvolveu unha actividade regular desde comezos de 1937. Como previsíbel, o seu labor tamén estivo sempre condicionado polo proselitismo católico. O boletín dos Cruzados recoñecía regularmente o seu traballo neste sentido:

¡Bravo, queridos jóvenes artistas de Cruzados, por ese despuntar de airosas figuras del arte escénico que ya se advierte entre vosotros!

¡Bien, muy bien, amigo Fontela [sic], por ese plantel de aventajados discípulos que, con tanto celo e incansable tesón, estás brindando a la entidad!

Se cumplen, por de pronto, nuestras previsiones: el conjunto artístico de los Cruzados de Santiago había que formarlo, no con elementos advenedizos o mer-

cenarios, sino con elementos propios, dentro de la casa, como es lógico que así sea en una institución que lleva de cerca el control de sus distintas secciones, para utilizarlas como factores convergentes hacia un mismo fin superior. Es decir, hacia su obra magna de proselitismo y auxilio social católico.

Los resortes funcionales de esta obra no pueden, no deben confiarse a quienes no sientan ni compartan con nosotros el calor de tan nobles anhelos. Donde quiera que los Cruzados Gallegos de Santiago se presenten, ya sea en el templo, en la calle, en el conventillo o en la escena, deben hacerlo alegres y optimistas, desde luego; pero también con el decoro que exige su nombre y la alta misión que a todos nos inspira. Somos los cruzados de un ideal sacrosanto [...] (FG 01-07-1941: 13).

Relativamente á presenza da literatura dramática nas veladas dominicais do colectivo, os fragmentos que se declamaban adoitaban ser ben de títulos en castelán con temática galega, ben de pezas escritas na lingua propia da Galiza. As representacións de obras enteiras reservábase para os festivais extraordinarios, que se celebraban correntemente na gran sala do Consello de Mulleres.

Mesmo concluída a guerra civil, os Cruzados continuaron a organizar veladas dramáticas en que se representaba teatro galego nun ambiente de exaltación franquista, como a celebrada o 4 de maio de 1941, que incluíu a estrea da peza *De Volta pr'a Terra* de Roxelio Rodríguez Díaz. Estes actos funcionaban como unha fonte de recursos para a ditadura.

Pero el triunfo resonante de nuestra Sección Artística, en la última temporada, lo ha constituido la función del 4 de mayo en el gran salón del Consejo de Mujeres, donde entre varios otros números de singular atracción, tuvo lugar el estreno de la obra *De Volta pr'a Terra* de R. R. Díaz, en la cual actuaron con singular maestría varios de los elementos arriba mencionados. Fué aquella una tarde memorable, donde el nombre y ascendiente de Cruzados se vió potentizado, una vez más, por el hecho de haberse agotado totalmente las localidades mucho antes de levantarse el telón y en el cual —con harto sentimiento de nuestra parte— buena cantidad de público tuvo que volverse de la taquilla sin conseguir entrada (FG 01-07-1941: 14).

Porén, foi durante a guerra cando se organizaron eventos especiais en grandes teatros bonaerenses en que patenteaban a súa posición profranquista —coa presenza de falanxistas e requetés xunto aos Cruzados— e recollían fondos para os enviar á Junta Militar de Burgos.

5. OS INVOLUCRADOS NAS PRESENTACIÓNS DRAMÁTICAS GALEGAS

Dous foron, sen dúbida, os principais responsábeis da actividade dramática —tamén en galego— da Sección Artística dos Cruzados de Santiago: Rafael Fontenla Camiña e Roxelio Rodríguez Díaz.



Rafael Fontenla Camiña en 1932 (VG 30-08-1932: 17) e Roxelio Rodríguez Díaz en 1923 (sentado, primeiro pola esquerda) co persoal de administración do Centro Galego de Buenos Aires (BOCG 129: 60).

O primeiro era comentarista habitual nos programas radiais en que se apoiaba os golpistas (Ferreyra 2020: 160), como *Habla España* de Radio Mayo, financiado polo colectivo católico-monárquico Centro Acción Española. Nestes programas Fontenla gañou prestixio como declamador —el foi quen, con motivo do aniversario de Franco, recitou o poema «Saúdo d'irmáns», antes reproducido— e a súa presenza nos festivais dos Cruzados foi constante. Eis un exemplo:

Al alzarse el telón, el escenario ofrecía un espectáculo deslumbrante a la vista de los muchachos Falangistas y Requetés, alineados en torno a las banderas en airo-sa formación con nuestros Legionarios y demás jóvenes y señoritas integrantes de nuestros coros. Después de ejecutarse los himnos respectivos y previas unas palabras de presentación por nuestro presidente, don Darío Hermida, el director es-

cénico de nuestra Sección Artística, Rafael Fontenla, se adelantó para recitar, con la maestría que le es propia, la siguiente ofrenda poética, original del director de este periódico, don Rogelio Rodríguez Díaz (FG 01-10-1937: 3).

Fontenla procedía da Sociedad Centro Redondela y su Distrito, onde dirixía desde os primordios da década de 30 as veladas teatrais da Comisión de Señoritas —veladas que adoitaban incluír estampas enxebres e zarzuelas galegas.

Os diferentes eventos organizados polos Cruzados adoitaron contar coa súa participación, en forma de discurso, canto, recitado ou interpretación de fragmentos «en gallego y en castellano, como el señor Fontenla sabe hacerlo» (FG 01-03-1937: 3). O seu repertorio na lingua propia da Galiza incluía composicións costumistas de glorificación da vida tradicional que os transterrados deixaran atrás, en que sempre estaba presente unha filiación emocional con frecuencia posta en relación con Franco. Como director do conxunto escénico, participaba na escolla dos títulos, dirixía os ensaios e interpretaba algún dos papeis. As representacións inseríanse nun programa en que tamén tiña lugar a música e o baile, con arranxos de José Bayarri.

No mesmo número de 1937 en que, no marco das celebracións da semana do Apóstolo, se anunciaba a celebración no Teatro Avenida do mencionado festival artístico a favor dos orfos do bando nacionalista, *Fe Gallega* publicaba unha nota de agradecemento a dous «cruzados beneméritos», Rafael Fontenla e Jesús Morgade, polo seu apostolado proselitista:

Porque apostolado muy simpático lo es también eso de movilizar por medio del arte las almas para Cristo, como lo era de un San Francisco Solano atrayendo a los indios de América mediante los dulces acordes de su violín.

Por ello, la Acción Gallega de Cruzados de Santiago adquiere, ya de entrada, con los señores Morgade y Fontenla, una deuda inestimable de gratitud, que no dudamos han de compartir todos nuestros socios. Bajo la dirección de ambos se constituirá en breve nuestra Sección Artística, en su doble faz escénica y coral.

Entretanto, estas pequeñas fiestas de los domingos irán poco a poco saliendo del terreno de lo improvisado, para organizarse con arreglo a un plan sólidamente religioso y artístico, sin perjuicio del carácter sencillo y familiar que las distingue (FG 01-07-1937).

Por súa vez, Roxelio Rodríguez Díaz (1888-1948) é o autor da comedia en prosa e verso *De volta pr'a Terra* (1935), estreada en 1941 pola sección artística

da entidade baixo a dirección de Fontenla —que tamén interpretaba un dos papeis. A peza está protagonizada por unha emigrante que regresa da Arxentina chea de prexuízos, desprezando a lingua galega e renegando de todo o que caracteriza a súa terra de orixe. O pensamento do autor transloce por boca doutra personaxe, un «labrego regularmente acomodado e que dentro e fóra de Galicia, soupo amostrarse sempre como un bo galego» (Rodríguez Díaz 1935: 21):

XOQUÍN.- [...] Moitos dos galegos que aló emigraron, soyo ven a Buenos Aires por un lado. Son os que coidan que, pr'a amostrarse cevilizados, teñen que deixar de ser galegos ou de ser cristianos. Os mais d'eles non se marean quizáis no barco; pro maréanse ó desembarcar. Pol-o mesmo, cando algús volven á súa terra, deixaron alá o pouco miolo que tiñan, e soyo tran o refugallo! (Rodríguez Díaz 1935: 23).

A deserción idiomática dos galegos é posta en relación nesta peza coa deserción da fe católica, relación que desde a perspectiva actual causa certa sorpresa por sabermos que a ideoloxía franquista deu en proscribir as linguas periféricas españolas.⁵ O certo é que o seu autor «[s]empre viviu orgulloso da singularidade galega» (Pérez Veiga 2006: 162) e consecuentemente a peza conclúe cunha louvanza en verso á lingua galega.

Rodríguez estudara no Seminario de Astorga —onde conseguira unha bolsa para a Universidade Gregoriana de Roma—, mais finalmente abandonara a carreira eclesiástica para facerse mestre (Vilavedra 1995, I: 521). Autor bilingüe, foi moi popular pola ben sucedida *Cartas abertas e contos enxebres* (1928), colección de relatos e epístolas versificadas reeditada en varias ocasións en que arremete contra os galegos que renegan da súa orixe e combate o escarnio contra as persoas oriúndas da Galiza e a súa lingua —*De volta pr'a Terra* subtítulábase «2ª parte de *Cartas abertas*» e continuaba a súa liña temática. Tamén colaborou en cabezallos como *Acción Gallega*, *Lar Galicián*, *Vida Gallega* ou *Céltiga*, para alén de dirixir, como xa foi sinalado, a revista *Galicia* do Centro Galego de Buenos Aires. En 1928, tamén daría a coñecer nun par de artigos a súa proposta para a unificación gráfica do idioma galego.

⁵ Esta relación inicialmente paradoxal entre o emprego da lingua galega en textos teatrais e a ideoloxía política dos autores das pezas xa foi sinalada por Laura Tato (2012: 26) en relación a textos como *Inda non quero ser mico* de Blanco Rodríguez.

Dentro do xénero teatral, para alén da comentada *De Volta pr'a Terra* é autor dos dramas ¡Xustiza! (1917), *O peregrino* (1927) e comedias inéditas como *Terra a Nosa* ou *Fogar bendito*, ben como da adaptación escénica *A Virxe de Cristal* (1948) sobre o poema de Curros Enríquez (Cabanillas 2002: 125-195).

Concluída a guerra en España, Roxelio Rodríguez publicou *Historia del Centro Gallego de Buenos Aires* (1940). No volume —tirado do prelo en pleno mandato do republicano Neira Vidal, a quen denomina «presidente equilibrista», e con Luís Seoane na dirección de *Galicia*— defende a neutralidade adoptada polo anterior presidente da entidade no momento do golpe de Estado, poñendo mesmo en dúbida a lexitimidade da República:


Por eso, cuando España dejó de ser monarquía para convertirse en república, el Centro Gallego, siguiendo el ritmo de los acontecimientos, se mostró consecuen- te con esa transformación, acatando el nuevo régimen, sin meterse a prejuizar sobre su legitimidad. De igual modo, cuando a causa de la última revolución hispana, el territorio, el pueblo y la autoridad aparecieron fraccionados en dos sectores rivales, lo prudente era hacer lo que (salvo algún traspies de fórmula impuesto por la efervescencia momentánea) hizo el Centro Gallego: esperar con dolor resignado y sereno, a la par que con callado respeto para ambos poderes en pugna, el resultado de la contienda sangrienta que sin nosotros habría de decidirse, al igual que se espera el resultado de una elección, para acatar el gobierno que ésta consagre (Rodríguez Díaz 2000: 7).

Centrándomonos na representación do prólogo d'O *Mariscal*, os seus intérpretes foron o director da sección coral dos Cruzados, o baixo Jesús Morgade, e a tiple Lolita Trigás, quen tamén facía parte dese orfeón. Desde a década anterior era frecuente a participación de Morgade nos festivais do Centro Galego e noutras entidades de inmigrantes de Buenos Aires como a Sociedad Unión Cultural Residentes de Lerez ou o Centro Región Leonesa. Dolores Trigás, moito máis nova, iniciárase na sección coral desta asociación franquista.

Ignoramos a identidade concreta de J. Iglesias, autor do poema lírico «A Romaría dos Milagros» estreado en xullo de 1937 no mesmo festival do Teatro Avenida en que se representou o fragmento do texto dramático de Cabanillas e Vilar Ponte. Tampouco foi localizado o texto, mais sabemos (FG 01-07-1937) que estaba protagonizado por unha vella e un cego de romaría —que interpretaban respectivamente Lolita Trigás e Rafael Fontenla.

5. O MARISCAL

Sen dúbida ningunha, o título máis sorprendente do repertorio dramático galego empregado nestes festivais profranquistas é a traxedia histórica *O Mariscal*, publicada en 1926 por Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte. Os seus autores escribíranla en 1922 no marco do proxecto teatral das Irmandades da Fala —impulsado incansabelmente por Vilar Ponte— e «ao servizo dunha causa ideolóxica e política, neste caso o nacionalismo galego» (Ínsua 2005: 220). O propio Carvalho a denominou «peza seudohistórica de propaganda política» (Carballo Calero 1981: 611).



Capa da primeira edición d'O *Mariscal*, publicada por Lar (1926).

A forte carga simbólica da peza introduce o mito popular creado á volta da figura de Pardo de Cela para presentar unha «Nova Era en que se volve a recuperar a conciencia nacional galega» (Tato 1999: 119), recuperación coa que se comprometían as Irmandades da Fala. Aliás, nesta obra proselitista son moi notorios o anticastelanismo e a moi negativa apreciación da figura de Isabel a

Católica (Ínsua 2005: 223-224). Consecuentemente, espanta constatar a presenza dun fragmento deste texto de evidente exaltación galeguista nas celebracións dun colectivo profranquista realizadas diante dun auditorio que incluía falanxistas e requetés.

Certamente, o primeiro que cómpre sinalar é que se trataba apenas do prólogo da obra dramática, un breve fragmento de setenta e nove versos en que interveñen «un vello cego de romances, co'a zanfona, e unha mociña loira que o guía» (Cabanillas; Villar Ponte 1926: 11), dúas figuras alleas á trama principal que serven de marco introdutorio á trágica acción. Fican fóra desta introdución personaxes como A Raza ou o propio Mariscal e unicamente se anuncia unha «negra hestoria» derivada dunha «treición» sen concretizar —aínda que a felonía foi «feita por certos estamentos (xerarquía eclesiástica, nobreza entreguista, servos cobizosos)» (Ínsua 2005: 223), tal como se desenvolverá ao longo dos tres actos.



Deseño de Álvaro Cebreiro para o prólogo d'O Mariscal.

A referencia a antigas tradicións —como os romances de cego—, á lingua culta medieval e aos grandes trovadores, ben como o carácter emocional do canto trágico —tan do gusto popular— púñanse en valor neste contexto por cima

doutros contidos de reivindicación da identidade nacional galega face os agravios de Castela.

A versión deste prólogo musicada por Eligio Paz Hermo fixérase moi popular a finais da década de 20 nas entidades galegas de Buenos Aires desde que o interpretara a Sociedade de Arte Pondal na Semana Galega organizada en decembro de 1927 pola Federación de Sociedade Galegas. Tamén fora incluída un ano máis tarde nos actos do Día de Galicia do Centro Galego en que cantara outros números Jesús Morgade —o intérprete do cego da zanfona na versión dos Cruzados.

Por outra parte, dentro do acto festivo do Teatro Avenida que estamos a referir este número tiña unha caracterización musical indiscutíbel e percibíase como unha expresión máis da cultura popular tan estimada pola colectividade galega de Buenos Aires. Non existía unha concepción propiamente escénica do prólogo, que se interpretaba como unha outra canción do repertorio —a seguir dalgúns fragmentos da zarzuela *Maruxa* de Vives con gaiteiros e bailarinos. Na súa estrea na Semana Galega de 1927, por exemplo, fora eloxiada «por su saber añejo, por la delicadeza de la partitura y por su dramatismo» (CG 18-12-1927: 3).

Consecuentemente con esta presentación desideoloxizada e centrada no aspecto musical, non hai constancia dunha recepción negativa do fragmento d'O *Mariscal* por parte do público profranquista presente no festival organizado polos Cruzados en 1937. En última instancia, o único contido minimamente reivindicativo que se lle podía asociar era o da lingua galega como vehículo idóneo para a música de raíz popular, unha defensa que, como xa vimos, cadraba perfectamente co ideario de Roxelio Rodríguez, un dos auspiciadores da sección dramática dos Cruzados de Santiago.

6. ESTRATEXIAS DOS AUTORES GALEGOS CONTRA O USO ESPURIO DAS SÚAS OBRAS

Ramón Cabanillas regresou a Galiza ese mesmo ano —en plena guerra civil e estando Galiza baixo o control do bando nacional—, mais iso non significa que asumise os postulados franquistas, como ten analizado Luís Rei (2009). O seu foi máis un exemplo do exilio interior dun home vello que procuraba desespeadamente un medio de vida. Por outra parte, non hai constancia de que tivese coñecemento do que os Cruzados fixeran co prólogo d'O *Mariscal*.

Por súa vez, Antón Vilar Ponte xa falecera no momento da celebración deste festival en favor dos sublevados —fixérao catro meses antes do golpe de Estado—, mais poucas dúbidas podemos abrigar sobre a súa frontal oposición a que un fragmento da súa obra fose empregado para recoller fondos en favor de inimigos da República.

O viveirense xa reaxira contra usos non autorizados do texto dramático que escribira con Cabanillas, peza que se mantiña inédita nos palcos —só fóra estreada a versión operística de Rodríguez Losada, en que *O Mariscal* «perdera a maior parte da carga simbólica» (Tato 1999: 129). Vilar Ponte aspirou sempre a que a traxedia fose representada con todo o seu valor simbólico identitario, de maneira que puidese propiciar a cohesión social galega á volta dunha figura senlleira como Pardo de Cela e fronte a elementos identitarios do nacionalismo español como a raíña católica. Por iso non autorizara a tradución ao español que lle solicitara en 1926 a compañía de Enric Borrás e Margarita Xirgu (Ínsua 2005: 172-173).

A raíz de la publicación de *O Mariscal*, una de las actrices españolas de mayor prestigio nos pidió con verdadero encarecimiento que vertiésemos dicha obra al castellano, pues sería para ella un buen negocio llevarla en su repertorio por América, y estrenarla allí. Nosotros le respondimos que agradecíamos sus deseos, pero que era nuestro propósito verla representada en gallego, aunque fuese medianamente tan solo, antes que en ningún otro idioma. Luego, Dios dirá (Villar Ponte 1928: 4).

Neste mesmo comentario xornalístico o viveirense consideraba que sería proveitoso «que se realizase su representación, no solo con objeto de estimular a cuantos escriben literatura escénica en gallego, sino también pensando en la educación del oído de nuestros públicos» na lingua do país.

Mais foi en 1928 cando Antón Vilar Ponte reaxiu enerxicamente perante a información de que a compañía de Francisco Villaespesa anunciara a estrea en Buenos Aires d'*O Mariscal* en versión española sen a autorización dos autores.⁶ O telegrama asinado polos seus amigos Eduardo Blanco Amor, Xaime Isla Couto, Ramón Suárez Picallo e Domingo Rial Seixo era suficientemente

⁶ Un mecanoscrito desta tradución consérvase no Fondo Villaespesa depositado na Biblioteca Provincial de Almería. O documento está accesíbel en copia dixital na Biblioteca Virtual Andalucía.

elocuente da alarma creada entre os exiliados polo anuncio: «nacionalistas protestan representación Mariscal traducido, anunciada en ésta. Esperamos contraorden telegráfica. Sociedad de Autores» (Villar Ponte 1928: 4). Certamente, a reacción é reveladora do valor emblemático que tiña o título dramático de Cabanillas e Vilar Ponte para o galeguismo e se Vilar Ponte respondía negativamente a unha encenación en castelán, o que non farían se vise a obra representada nun contexto golpista?

A Sociedade de Autores a que se fai referencia no telegrama non estaba formalmente constituída nesa altura e unicamente funcionaba como unha rede non institucionalizada de autores que tencionaban velar polos usos non autorizados das súas obras. Porén, a idea foise consolidando e en agosto de 1930 —na chamada «dictablanda», após a dimisión de Primo de Rivera— ficaba constituída en Ourense a Asociación de Escritores Galegos (AEG), con Ramón Otero Pedrayo como presidente e Vilar Ponte na vicepresidencia primeira (Diéguez 2003: 41-42). A AEG quixo contar desde o comezo cunha serie de representantes fóra da Galiza e, desta maneira, nomeou Blanco Amor representante da Asociación na Arxentina. Os seus obxectivos fican abertamente claros na carta en que Álvaro de las Casas lle comunica o nomeamento: os escritores galegos estaban a se mobilizar contra a reprodución non autorizada dos seus textos.

Se trata de impedir que nuestros nombres, humildes pero limpios, para prestigiar ciertos periódicos anodinos e incapaces sean llevados y traídos sin consulta ni autorización. [...] También te agradecería que tuvieses la bondad de enviarme una nota de los autores gallegos que desees reproducir en *Galicia* a fin de enviarte a vuelta de correo las correspondientes autorizaciones, a fin de que *Galicia* sea el primer periódico nuestro, lo cual a todos nos dará más autoridad para proceder contra los desaprensivos. Aquellos periódicos y revistas argentinas que deseen reproducir nuestras cosas, que lo pidan a la Asociación por tu conducto, y con tu informe. Debo prevenirte que la Asociación está dispuesta a acceder gratuitamente en muy pocos casos; lo menos que tiene derecho a exigir es una retribución por pequeña que sea. Siempre constituirán excepción aquellas publicaciones de ideología análoga a la nuestra, que hacen campaña continuada de nuestras ideas (Casas 1931).

Para desesperación do propio Vilar Ponte esta empresa colectiva non alcanzou a ter a actividade que esperaba: «No se ha vuelto a hablar de la Asociación de Escritores Gallegos. Tan interesante idea encontró pequeño eco»

(Villar Ponte 1936). Mais o infatigábel viveirense non se rendeu e mes e medio antes de morrer aínda encoraxaba os seus colegas a constituír unha nova asociación que funcionase de verdade na defensa da produción literaria galega, convidando Álvaro de las Casas a se pór con el propio á fronte da iniciativa. O seu chamado tivo resposta e co impulso definitivo de Ánxel Casal a 30 de marzo de 1936 foi constituída na cidade do apóstolo a Asociación de Escritores de Galicia (AEG):

Había flotado en el ambiente una iniciativa del malogrado periodista Antonio Villar Ponte y era inexcusable deber de compañerismo el recogerla. De ello se encargó el escritor y catedrático del Instituto de Noya don Álvaro de las Casas secundado por otros no menos entusiastas y también por el alcalde de la ciudad, Sr. Casal Gosenge (A 31-03-1936: 10).



Asemblea constitutiva da Asociación de Escritores de Galicia en Compostela (IG 31-03-1936: 1)

Este emprendemento tivo un grande eco no país e na emigración galega en América e a prensa sinalaba que entre os albos da asociación ía estar a salvagarda do teatro galego contra usos perversos, non unicamente no aspecto económico: «Hacia la Asociación de escritores gallegos [...] El teatro racial será ahora un hecho cierto y rotundo mentís a las vergonzosas parodias llevadas hasta ahora a la escena, por hombres desconocedores de nuestras costumbres y de nuestros problemas» (EG 25-06-1936: 19).

Nesta ocasión a iniciativa callou, de maneira que a AEG desenvolveu unha importante actividade até ao golpe de Estado de mes xullo e as súas horribéis consecuencias. No entanto, a dramática situación que viviu Galiza desde ese momento impediu que a entidade corporativa dos escritores galegos, pola que tanto traballara Antón Vilar Ponte, puidese actuar diante de usos espurios da produción literaria dos seus asociados como o que realizou a Sección Artística dos Cruzados de Santiago na velada de 23 de xullo de 1937 no Teatro Avenida de Buenos Aires, cando incluíu un fragmento d'O *Mariscal* nun evento destinado a recadar fondos para unha causa —a franquista— absolutamente contraria aos valores propugnados polos seus autores, descoñecedores da utilización que se estaba a facer do seu texto dramático.

7. CONCLUSIONES

A primeira cousa que puido ser constatada nesta investigación é o facto de o teatro galego estar presente nos actos festivos de contido claramente fascista organizados por colectivos profranquistas de Buenos Aires durante o conflito bélico español derivado do golpe de Estado de 1936. Coñecendo desde a perspectiva actual a ideoloxía do réxime totalitario español que encabezaba Francisco Franco relativamente ás linguas ibéricas diferentes do castelán, por un lado, e, por outro, a cruenta represión que exerceu sobre as persoas que se mostraran activas na configuración dun teatro en lingua propia con que se puidese identificar o groso do pobo galego, con certeza admira a inclusión de dramatizacións baseadas en textos galegos como *De volta pr'a Terra* ou *A Romaría dos Milagros* en eventos de apoio á Junta de Burgos.

Sorprende especialmente que nalgún destes saraus de proselitismo franquista se subise ao palco un fragmento dun título-divisa do activismo escénico do nacionalismo galego como *O Mariscal*, que Ramón Cabanillas e Antón Vilar Ponte escribiran cunha inequívoca vontade de fornecer elementos susceptibles de funcionaren na Galiza como signos identitarios diferenciadores face aos referentes cohesivos do centralismo excluínte español. Pasma aínda máis se confrontarmos o notorio anticastelanismo deste título dramático e a súa negativa consideración da figura de Isabel a Católica coa absoluta centralidade desta raíña e do reino de Castela no construto ideolóxico da ditadura franquista sobre a identidade histórica do Estado español, mais tamén sobre a propia

lexitimidade das represivas políticas franquistas. Vimos de comprobar, neste sentido, que na práctica non chegou a producirse esa discordancia, nin tensión ningunha derivada da representación do prólogo d'O *Mariscal*, visto que ela tivo un teor esencialmente musical e que o fragmento escollido estaba desvinculado do cerne ideolóxico da obra e era exhibido esvaciado do contido nacionalista galego.

Tamén foi atestado neste traballo que desde a década de vinte do século pasado os escritores nacionalistas galegos —con Antón Vilar Ponte á súa fronte— estaban especialmente aprehensivos en relación aos posibles usos desviados que se puidesen facer das súas creacións, tanto a nivel económico como no que respecta á construción nacional ambicionada. A representación do prólogo d'O *Mariscal* nunha gala de apoio aos sublevados franquistas supuña, neste sentido, un dos exemplos máis radicais que podían ser imaxinados. Circunstancias como o recente falecemento dun dos autores da traxedia ou a enorme distancia entre Buenos Aires e a Galiza —acrecentada polos efectos da guerra— poderían explicar que non se tivese producido unha enérxica resposta contra esa adulterada apropiación. Con todo, a razón última da inacción da nacente Asociación de Escritores debe ser localizada na brutal represión exercida na Galiza desde os primeiros días polos golpistas: coa propia vida en perigo, non había espazo para a salvagarda dos seus dereitos como autores. Até estes extremos chegou a impunidade franquista.

FINANCIAMENTO

Este traballo é parte do proxecto de I+D+i PID2020-115649RB-I00 «Recuperación do patrimonio teatral da Galiza 4 (1936-1973). Emigración, exilio e resistencia interior», financiado polo MCIN/AEI/10.13039/501100011033.

BIBLIOGRAFÍA

- BINNS, Niall (2012). *Argentina y la guerra civil española. La voz de los intelectuales*. Madrid: Calambur.
- CABANILLAS, Ramón (2002). *A Virxe do Cristal*. Introducción, edición e notas de Manuel Ferreiro e Goretti Sanmartín Rei. A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor.

- CABANILLAS, Ramón; VILLAR PONTE, Antón (1926). *O Mariscal*. A Coruña: Lar.
- CARBALLO CALERO, Ricardo (1981). *Historia da literatura galega contemporánea (1808-1936)*. Vigo: Galaxia.
- CASAS, Álvaro de las (1931). «Carta a Eduardo Blanco Amor. 27 de febreiro de 1931». Fondo Blanco Amor da Biblioteca Provincial de Ourense. Mecanoscrito con nota manuscrita.
- CRISTÓFORIS, Nadia Andrea de (2018). «La Guerra Civil española y el apoyo al bando sublevado desde Buenos Aires: el caso de la “Acción Gallega de Cruzados de Santiago”», *Cuadernos de Marte* 14, 73- [en liña] [3 abril 2022] <<https://publicaciones.sociales.uba.ar/index.php/cuadernosdemarte/article/view/2932>>.
- CRISTÓFORIS, Nadia Andrea de (2019). «La prensa gallega de Buenos Aires y su apoyo al Franquismo: estrategias propagandísticas y activismo político». *Revista Internacional de Historia de la Comunicación*, 12, 178-200 [en liña] [3 abril 2022] <<https://idus.us.es/handle/11441/87689>>.
- DIÉGUEZ CEQUIEL, Uxío-Breogán (2003). Álvaro de las Casas: *Biografía e documentos*. Vigo: Galaxia.
- FERNÁNDEZ GARCÍA, Antonio (1990). «Los círculos de emigrantes ante la guerra de España: la colonia gallega de Buenos Aires». *Quinto Centenario*, 16, 121-140 [en liña] [3 abril 2022] <<https://revistas.ucm.es/index.php/QUCE/article/download/QUCE9090110121A/1700>>.
- FERREYRA, Alejandra (2020). «Las voces a favor de Franco: Las audiciones radiales de los nacionalistas españoles en Buenos Aires (1936-1945)». Nadia de Cristóforis (dir.). *Los españoles en Buenos Aires: Activismo político e inserción sociocultural (1870-1960)*. Buenos Aires: Teseo, 155-191.
- ÍNSUA LÓPEZ, Emilio Xosé (2005). *Sobre O Mariscal, de Cabanillas e Villar Ponte*. A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor.
- LAJE GARCÍA, L. (1939). «Más franquistas que Franco». *Fe Gallega: Órgano de Cruzados Gallegos de Santiago Apóstol*, 23 (3).
- PÉREZ VEIGA, Julio (2006). «Roxelio Rodríguez Díaz, primeiro achegamento a súa obra». *Cadernos do Instituto de Estudos Valdeorreses*, 11, 151-164.
- QUIJADA MAURIÑO, Mónica (1991). *Aires de República, aires de cruzada*. Hospitalet de Llobregat: Sendai.
- REI, Luís (2009). *Ramón Cabanillas: Crónica de destierros e saudades*. Vigo: Galaxia.
- REIN, Raanan (1995). «Otro escenario de lucha: franquistas y antifranquistas en la Argentina, 1936-1949». *Ciclos*, V, 9, 31-52 [en liña] [3 abril 2022] <http://bibliotecadigital.econ.uba.ar/econ/collection/ciclos/document/ciclos_v5_n9_02>.
- RODRÍGUEZ DÍAZ, Rogelio (1935). *De volta pr'a Terra*. Buenos Aires.
- RODRÍGUEZ DÍAZ, Rogelio (2000 [1940]). *Historia del Centro Gallego de Buenos Aires*. Buenos Aires: Instituto Argentino de Cultura Gallega.

- TATO FONTAÍÑA, Laura (1999). *Historia do teatro galego: Das orixes a 1936*. Vigo: A Nosa Terra.
- TATO FONTAÍÑA, Laura (2012). «Estudo introdutorio». Iolanda Ogando e Laura Tato (ed.). *Textos recuperados: De Galo Salinas a Castelao*. A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, 7-34.
- VELASCO MARTÍNEZ, Luis (2018). «Guerra civil y reclutamiento en la colectividad gallega en Argentina: la Acción Gallega de Caballeros de Santiago». *Cuadernos de Estudios Gallegos*, LXV 131, 377-401 [en liña] [3 abril 2022] <<https://emigracion.xunta.gal/es/conociendo-galicia/aprende/publicacion/guerra-civil-y-reclutamiento-la-colectividad-gallega>>.
- VILAVEDRA, Dolores (coord.) (1995). *Diccionario da literatura galega. Volume I: Autores*. Vigo: Galaxia.
- VILLAR PONTE, Antón (1928). «El teatro gallego y O Mariscal». *El Correo de Galicia*, 05-02-1928, 4.
- VILLAR PONTE, Antón (1936). «Los escritores catalanes nos brindan otro ejemplo». *El Pueblo Gallego*, 15-01-1936, 1.

FONTES HEMEROGRÁFICAS

- | | |
|---|--|
| A: <i>Alborada</i> (Lugo) | CG: <i>El Correo de Galicia</i> (Buenos Aires) |
| AG: <i>Acción Gallega</i> (Buenos Aires) | EG: <i>Eco de Galicia</i> (A Habana) |
| BOCG: <i>Boletín Oficial del Centro Gallego</i> (Buenos Aires) | FG: <i>Fe Gallega</i> (Buenos Aires) |
| CGBA: <i>Centro Gallego de Buenos Aires de mutualidad, cultura, beneficencia. Boletín mensual</i> (Buenos Aires). | IG: <i>El Ideal Gallego</i> (A Coruña) |
| | VG: <i>Vida Gallega</i> (Vigo) |



Copyright © Carlos-Caetano Biscainho-Fernandes, 2023. This document is under a Creative Commons Attribution-Non commercial-No Derivative Works 3.0 Unported License. To see a copy of this license click here <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/legalcode>.